

ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO MEDIANTE O APARCAMENTO DE VEHÍCULOS EN ZONAS DE ESTACIONAMENTO LIMITADO

Artigo 1º. Natureza e fundamento

De acordo co previsto no artigo 20 e seguintes da Lei 39/1988, de 28 de decembro, así como na lexislación de Réxime Local e demais normativa aplicable, establece que a taxa pola utilización do estacionamento regulado é unha das actuacións singulares de control e regulación do tráfico viario tendentes a facilita-la circulación de vehículos e autorizada pola citada Lei 39/1988, Real Decreto 339/1990 de 2 de marzo e demais concordantes.

Artigo 2º. Feito imponible

O aparcamento de vehículos a motor ou similares nas zonas de dominio público reservadas, a tal efecto, onde estea imposto este servizo.

Artigo 3º. Base imponible

O tempo de estacionamento na zona de aplicación da O.R.A..

A obriga tributaria nace no momento de producirse o estacionamento do vehículo nas zonas reservadas ó servizo e durante o horario de aplicabilidade do mesmo.

Artigo 4º. Obrigados ó pago

A obriga de pago orixínase polo aparcamento dun vehículo nos lugares ou vías públicas, que estean debidamente sinaladas como zonas de estacionamento vixiado e regulado, aínda que non medie solicitude polo usuario.

Non estará suxeito a taxa regulada nesta ordenanza o estacionamento en vías ou zonas sinaladas dos seguintes vehículos:

- a) Motocicletas, ciclos, ciclomotores e bicicletas
- b) Os vehículos estacionados en zonas reservadas para a súa categoría ou actividade
- c) Os vehículos nos que se estean realizando operacións de carga e descarga, na zona sinalada a tal fin, e dentro do horario marcado, ou ben, fora de dita zona, sempre que a operación teña unha duración inferior a 5 minutos
- d) Os vehículos auto-taxi cando o condutor estea presente
- e) Os vehículos en servizo oficial, debidamente identificados, propiedade de organismos do Estado, Comunidade Autónoma, Provincia ou Municipio que estean destinados,

directa e exclusivamente á prestación dos servizos públicos da súa competencia, cando estean realizando tales servizos, así como os das compañías prestadoras de servizos públicos necesarios polo tempo indispensable para realiza-la súa labor.

f) Vehículos destinados á asistencia sanitaria que pertencen á Seguridade Social ou Cruz Vermella Española, mentres estas estean prestando servizo.

g) Os vehículos automóbiles nos que no seu interior permaneza o condutor ou pasaxeiro maior de idade, sempre que o tempo de estacionamento sexa inferior a 5 minutos.

Artigo 5º. Contía

A contía da taxa regulada nesta ordenanza obterase pola aplicación das seguintes tarifas:

- Mínimo 20 minutos 0,15 euros = 25 pts
- 60 minutos..... 0,45 euros = 75 pts
- 120 minutos..... 0,90 euros = 150 pts
- Fraccións intermedias 0,03 euros = 5 pts

- Tarifa anulación de denuncias (*) 3,01 euros = 500 pts

(*) Aplicable para aqueles usuarios que, por causas excepcionais, superen o límite máximo de estacionamento autorizado. Deberase adquiri-lo billete de anulación dentro da hora seguinte á do límite de estacionamento.

Artigo 6º. Xestión e cobranza

1. O ingreso desta taxa realizarase por autoliquidación mediante a obtención dos billetes xustificativos de pago das máquinas expendedoras que se habilitarán a tal efecto e nas que aparecerán recollidas con claridade as tarifas vixentes.

2. O ingreso desta taxa será previo á utilización privativa do dominio público.

3. Ós efectos de control do pago desta taxa, os condutores dos vehículos estarán obrigados a exhibir no interior dos mesmos, nos termos previstos no artigo 6 da Ordenanza reguladora de circulación, determinación e regulación de zonas de estacionamento limitado, os correspondentes billetes xustificativos.

Disposición final

A presente ordenanza, unha vez aprobada definitivamente, entrará en vigor transcorridos quince días hábiles desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezando a aplicarse desde o momento en que empece a prestarse o servizo público de control de estacionamento limitado, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A contía da taxa regulada nesta ordenanza obterase pola aplicación das seguintes tarifas:

- Mínimo 20 minutos	0,16 euros
- 60 minutos.....	0,47 euros
- 120 minutos.....	0,93 euros
- Fraccións intermedias	0,03 euros
- Tarifa anulación de denuncias (*)	3,11 euros

(*) Aplicable para aqueles usuarios que, por causas excepcionais, superen o límite máximo de estacionamento autorizado. Deberase adquiri-lo billete de anulación dentro da hora seguinte á do límite de estacionamento.

Aprobada a súa modificación provisionalmente polo Pleno de 22.08.02 e será de aplicación a partir do 01.01.03, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.